

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE DECEMBRO DE 2022, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS AUXILIARES, GRUPO B, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 30 decembro de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

"Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas, escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2019, cuxa convocatoria e bases específicas fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 116, do 23 de maio de 2022 e as bases xerais no BOP nº 101 do 6.05.2021; Vista a proposta do Tribunal Cualificador; Visto que o aspirante proposto presentou dentro de prazo a documentación a que se refire a base xeral 10.1, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5.1, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando como funcionario de carreira a:

Don José Manuel Muras Rodrigo, para ocupar a praza número 953, denominada Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas, escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2019, e o posto de traballo denominado Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas entrada número 1633."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 03 de xaneiro de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0025

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 22-01-2023
ata a día 23-02-2023
O XEFÉ DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

